

DECRETO NÚMERO 17010892 DO 14/12/2017

Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar o vindeiro **martes**, día **19 de decembro**, ás **18,00 horas**, para levar a efecto o **“Debate sobre o estado do Concello”**, previsto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP) no seu artigo 114, cuxo cumprimento xustifica, así mesmo, o carácter extraordinario da convocatoria. Notifíqueseles ós señores concelleiros, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.